

Índice de vendas de comercio polo miúdo. Xullo 2006

COMUNICADO

A actividade do comercio polo miúdo en xullo de 2006 aumentou un 5,3% respecto a un ano antes

No mes de xullo de 2006 as vendas do comercio polo miúdo en Galicia aumentaron un 5,3% respecto ao mesmo mes do ano anterior

O índice xeral de vendas de comercio polo miúdo en Galicia rexistrou no mes de xullo de 2006 un incremento interanual en termos correntes do 5,3%, cifra que se mantén cando se corrixe a serie do efecto producido polo calendario.

No acumulado do ano este incremento situouse no 7,0%, un 6,7% se se mide en termos corrixidos polo calendario.

Por produto vendido, a análise interanual das vendas no mes de xullo en termos correntes revela unha lixeira diminución nos produtos de alimentación (-0,7%) e nos produtos de equipamento da persoa (-0,2%), fronte ao aumento nas vendas dos produtos de equipamento do fogar (5,9%) e doutros produtos (14,9%).

As vendas nas grandes superficies non especializadas de Galicia creceron un 5,2% con respecto ao mesmo mes do ano anterior

Por tipo de actividade da empresa, o índice de comercio especializado de xullo de 2006 aumentou en termos correntes un 5,9% con respecto ao mesmo mes de 2005, e o do comercio en establecementos non especializados un 3,7%.

O índice de vendas de grandes superficies non especializadas de Galicia presenta en xullo unha taxa de variación anual do 5,2%, en termos correntes.


Índice de vendas de comercio polo miúdo. Xullo 2006.

Datos provisionais

	Índice	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Xeral	144,6	5,3%	7,0%
Xeral (corrixido de calendario)	146,8	5,3%	6,7%
Por actividade			
Especializado	136,2	5,9%	9,1%
Non especializado	159,9	3,7%	2,8%
Grandes superficies	192,0	5,2%	5,2%

FONTE: IGE. Índice de vendas de comercio polo miúdo

No seguinte gráfico pódese observar a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral dende 1999.



FONTE: IGE. Índice de vendas de comercio polo miúdo

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
 Complexo Administrativo San Lázaro s/n
 15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
 Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
 FAX: 981.54.13.23
 Comunicados en : <http://www.ige.eu>